

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Servizos Económicos

Aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal nº 9 e acordo de ordenación e imposición dunha prestación patrimonial pública non tributaria e aprobación da nova ordenanza nº 16.

ANUNCIO. Aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal nº 9 e acordo de ordenación e imposición dunha prestación patrimonial pública non tributaria e aprobación da nova ordenanza nº 16.

O Pleno de Arteixo, en sesión de 28.6.2018 prestou aprobación provisional á modificación da ordenanza fiscal nº 9, reguladora da Taxa de sumidoiro e adopción do acordó de ordenación e imposición dunha prestación patrimonial de carácter público non tributario pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais e aprobación dunha nova ordenanza fiscal nº 16. Elevado a definitivo este acordo provisional por non se ter presentado reclamación, de conformidade co artigo 17.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, faise público o texto íntegro das ordenanzas, para os efectos da súa entrada en vigor

ORDENANZA FISCAL NÚM. 9 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE REDE DE SUMIDOIROS, ACOMETIDAS Á REDE XERAL, CONTROL E INSPECCIÓN DE SUMIDOIROS PRIVADOS.

ARTIGO 1.- Fundamento.

No uso das potestades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a TAXA POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE REDE DE SUMIDOIROS, ACOMETIDAS Á REDE XERAL, CONTROL E INSPECCIÓN DE SUMIDOIROS PRIVADOS, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, atendendo as súas normas ao disposto no artigo 57 do devandito R.D. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ARTIGO 2.- Feito impoñíbel.

Constitúe o feito impoñíbel desta taxa a prestación dos servizos públicos municipais de recepción obrigatoria, que de seguido se enumeran, prestados polo Concello de Arteixo, en réxime de xestión directa ou indirecta:

- a) Tramitación administrativa na alta da rede de sumidoiros.
- b) Disponibilidade do servizo.
- c) Utilización das redes de sumidoiros e os servizos para o saneamento de augas residuais.
- d) Acometidas á rede xeral.
- e) Toma de mostras e analítica do efluente procedentes de fosas sépticas
- f) Limpeza de pozos negros e posterior traslado dos residuos a instalacións de EDAR DE BENS, S.A.

ARTIGO 3.- Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e artigo 23 do R.D. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que soliciten, resulten beneficiadas ou sexan usuarias dos servizos descritos no artigo 2 da presente ordenanza.

2. Terán a consideración de substitutos do contribuínte, os propietarios das vivendas ou locais aos que se preste o servizo, podendo repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

ARTIGO 4.- Responsábeis.

1. Serán responsábeis solidarios da débeda tributaria as persoas e entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Serán responsábeis subsidiarios da débeda tributaria as persoas e entidades a que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

ARTIGO 5.- Tarifas.

Se determinan as seguintes contías que constitúen a base imponible, que se incrementará, en su caso, co IVE vixente en cada momento:

1. Tramitación administrativa.

1.1. Tramitación administrativa de alta na rede de sumidoiros 34,1128 €

2. Tarifa sumidoiros.**2.1. Tarifa usos domésticos.**

2.1.1. Cota trimestral de dispoñibilidade do servizo 3,6784 €

2.1.2. Consumos menores ou iguais a 25 m³ 0,10504 €/m³

2.1.3. Consumos superiores a 25 m³ ata 45 m³ 0,2386 €/m³

2.1.4. Consumos superiores a 45 m³ e ata 90 m³ 0,3883 €/m³

2.1.5. Consumos superiores a 90 m³ 0,5827 €/m³

2.2. Tarifa usos non domésticos.

2.2.1. Cota trimestral de dispoñibilidade do servizo 6,2675 €

2.2.2. Consumos menores ou iguais a 25 m³ 0,3579 €/m³

2.2.3. Consumos superiores a 25 m³ ata 45 m³ 0,3579 €/m³

2.2.4. Consumos superiores a 45 m³ e ata 90 m³ 0,3883 €/m³

2.2.5. Consumos superiores a 90 m³ 0,3883 €/m³

Para os supostos nos que o volume total de auga consumida durante o trimestre sexa menor ou igual a 25 m³ seranlle de aplicación as tarifas previstas para os consumos domésticos.

2.3. Servizo de sumidoiros sen contador.

2.3.1. Mínimo 25 m³ 0,1424 €/m³

Non obstante, no suposto de que o suxeito pasivo instalase un caudalímetro homologado de augas residuais, liquidaráselle a taxa en razón do volume de auga reflectida no mesmo, e consonte ós tramos previstos nos apartados 2.1. e 2.2. deste precepto, segundo o uso ó que teña sido destinado o auga que é obxecto de remisión á rede de saneamento municipal.

2.4. Aos efectos da presente ordenanza, a definición dos tipos de usuarios do servizo será a establecido na Ordenanza n^o 41, de verteduras e do servizo municipal de saneamento do Concello de Arteixo.

2.5. Concellos limítrofes que efectúen vertidos na rede de saneamento de Arteixo... 0,5827€/m³.

3. Tarifas pola prestación do servizo de acometida á rede xeral.

Para a elaboración do orzamento das acometidas á rede de saneamento, téñense en conta os seguintes criterios:

a) Que, con carácter xeral, as medicións efectuaranse dende o eixe da vía pola que transcorra o servizo ao que se vai a conectar, ata o límite da finca á que vai destinado o servizo.

b) Que, no caso das acometidas para fincas que se atopan situadas en solo urbano ou de núcleo rural, do vixente planeamento municipal, cuxa rede viaria conte coa debida sinalización de aliñacións e rasantes, as medicións levaranse a cabo do seguinte modo:

- Cando o inmovible se atope dentro da alineación, desde a rede ata a dita alineación.

- Cando o inmovible se atope fóra de alineación, desde a rede ata o límite da finca.

3.1. Importes a aboar por obras de acometida á rede xeral sumidoiros:

1.- REDE DE SUMIDOIROS		
<i>Conexión de acometida a rede de sumidoiros incluíndo subministración e colocación do primeiro ml de tubo de PVC, excavación e recheo ata un metro e entronque a pozo, sen incluír levantamento e reposición da pavimentación nin pozo de rexistro.</i>		
200		176,82 €
250		189,57 €
315		201,28 €
<i>ml de subministración e colocación de tubo de PVC, totalmente instalado e probado incluso excavación e recheo ata un metro, sen incluír levantamento e reposición da pavimentación.</i>		
200		35,54 €
250		48,28 €
315		59,99 €
2.- EXCAVACIÓNS E RECHEOS		
<i>M3 de excavación en gábia con medios mecánicos, en terreo de tránsito, incluso esteamento e esgotamento, recheo da gábia con terras compactadas ó 95% do Próctor Normal, prodentes da excavación ou de empréstitos en ambos casos con áridos seleccionados (20-30mm) sobre a clave de tubo e o resto exenta de pedras maiores de 8 cm, por tongadas de 15 cm de grosor medidos sobre perfil, unha vez instalada a canalización e transporte de produtos sobrantes o vertedoiro.</i>		
		26,36 €
<i>M3 de excavación en gábia con medios mecánicos en roca, incluso esteamento e esgotamento, recheo da gábia con terras compactadas ó 95% do Próctor Normal, prodentes da excavación ou de empréstitos en ambos casos con áridos seleccionados (20-30mm) sobre a clave de tubo e o resto exenta de pedras maiores de 8 cm, por tongadas de 15 cm de grosor medidos sobre perfil, unha vez instalada a canalización e transporte de produtos sobrantes o vertedoiro.</i>		
		64,20 €
3.- LEVANTAMENTO E REPOSICIÓN DE PAVIMENTACIÓNS		
<i>M² de levantamento e reposición de macadam con dous regos asfálticos de 7 Kg. De ligante ECR-2 con 0,300 m³ de áridos, completamente rematada.</i>		
		29,38 €
<i>M² de levante e reposición de pavimentación, composto de capa de aglomerado asfáltico en quente tipo D-12 con capa de oito (8) cm. De grosor, estendida e compactada, incluso rego de adherencia e varrido de calzada, asentado sobre base de formigón Fck de 150 kp/cm². de resistencia característica de vinte (20) cm. de grosor, completamente rematado.</i>		
		60,71 €
<i>M² De levantamento e reposición de pavimentación, composto de capa de aglomerado asfáltico en quente tipo D-12 con capa de oito (8) cm. De grosor, estendida e compactada, incluso rego de adherencia e varrido de calzada, asentado sobre base de formigón Fck de 150 kp/cm². de resistencia característica de trinta (30) cm. de grosor, completamente rematado.</i>		
		70,37 €
<i>M² De levantamento e reposición de pavimentación de formigón de 150 Kp/cm². de resistencia característica de 20 cm. De grosor, completamente rematado.</i>		
		37,66 €
<i>M² De levantamento e reposición de baldosa de terrazo en cores, na beirarrúa, asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm². de resistencia característica de 10 cm. De grosor, completamente rematado.</i>		
		49,32 €
<i>M² De levantamento e reposición de baldosas de cemento, modelo oficial, asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm². De resistencia característica de 10 cm. De grosor, completamente rematado.</i>		
		40,46 €
<i>M² De levantamento e reposición de taco de pedra de gran sobre area aproveitando o taco, levantado e repoñendo o necesario, completamente rematado.</i>		
		22,11 €

M ² De levantamento e reposición de taco de pedra de gran sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm ² . de resistencia característica de 20 cm. De grosor aproveitando o taco, levantado e repoñendo o necesario, completamente rematado.	60,40 €
M ² De levantamento e reposición de baldosa de perpiaño asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm ² . de resistencia característica y 20 cm. De grosor, completamente rematado.	135,40 €
M ² De levantamento e reposición de chapacuña con dous regos asfálticos de 7 kg. De ligante ECR-2, con 0,300 m ³ . de áridos, completamente rematado.	20,40 €
4.- REXISTROS	
Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 1,50 ata 2,50 m. de profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm ² . de resistencia característica, de 20 cm. De grosor, paramentos de formigón en masa de 150 kg/cm ² . de resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventisada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantas ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro.	670,34 €
Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 2,00 ata 2,50 m. de profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm ² . de resistencia característica, de 20 cm. De grosor, paramentos de formigón en masa de 150 kg/cm ² . de resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventisada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantas ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro.	753,16 €
Unidade de pozo de rexistro, sen areeiro, de 1,00 m. de diámetro ata 2,00m de profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 200 Kg/cm ² . de resistencia característica, de 20 cm. De grosor, arillos de formigón, tapa e cerca de fundición dúctil de calzada, incluso escavación, recheo e transporte de terras sobrantas ó vertedoiro, construído segundo NTE/ISA-14, NTE/ISS-55, medida a unidade rematada.	538,71 €
Ud. De arqueta 50x50 realizada con módulo de formigón, tapa e cerco de fundición, totalmente rematada.	136,74 €
5.- AUTORIZACIÓNS E INFORMES SECTORIAIS NECESARIOS PARA A AUTORIZACIÓN DA ACOMETIDA	O custo das autorizacións e informes serán por conta e cargo dos administrados. A contía será a derivada da liquidación xirada pola Administración competente.

3.2. Cando as acometidas se soliciten durante a execución das obras de nova implantación dos servizos de saneamento, ou de substitución das conductiones existentes, tributarán polo 90 por cento da base imponible indicada no cadro precedente. Esta circunstancia será supervisada polo servizo técnico municipal xestor.

4. Toma de mostras e analítica do efluente procedente de fosas sépticas:

Ud. de toma de mostras e analítica completa procedente de fosas sépticas..... 89,39 €

5. Limpeza de pozos negros e traslado de residuos a estación depuradora:

Hora de limpeza de pozos negros e posterior traslado de residuos á EDAR BENS, S.A. 100,00 €.

ARTIGO 6.- Beneficios Fiscais.

1. Os suxeitos pasivos que teñan recoñecido pola Xunta de Galicia o dereito ao cobramento da renda de inclusión social (RISGA), consonte á lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, terán dereito ao recoñecemento dunha bonificación do 100% na cota tributaria da taxa. O recoñecemento deste beneficio fiscal realizarase, trimestralmente, por Resolución do órgano municipal competente á vista das resolucións administrativas ditadas pola Consellería da Xunta de Galicia competente na materia que, ou ben sexan achegadas polos propios suxeitos pasivos, ou ben sexan notificadas directamente ao Concello de Arteixo por parte da Administración Autónoma”.

2. Para os consumos iguais ou inferiores a 25 m³, cuxos usuarios teñan unha renda per cápita inferior ao IPREM (Indicador público de renda de efectos múltiples, aprobada polo Real Decreto Lei 3/2004, do 25 de xuño), e a teor do sinalado no artigo 24.4 do texto refundido da Lei das facendas locais, terán unha redución do 50 % da cota tributaria.

3. Os suxeitos pasivos que teñan recoñecida polo organismo autonómico competente, a dedución na cota íntegra do canon do auga ó abeiro do disposto no art. 24.2 do Decreto 36/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Canon do auga e do coeficiente de verteduras a sistemas públicos de depuración de augas residuais, por pertencer a unha unidade familiar que teña a condición de familia numerosa, terán dereito a unha redución na cota da taxa tributaria do 50%.

O recoñecemento desta redución realizarase por Resolución do órgano municipal competente á vista das comunicacións realizadas pola entidade "Augas de Galicia" a este Concello, relativas ao concepto referido no parágrafo anterior.

4. As reducións descritas nos apartados 2 e 3 non resultarán compatibles entre sí, polo que únicamente poderá aplicarse unha delas, nas liquidacións correspondentes a suxeitos pasivos que reúnan os requisitos esixidos en ámbolos dous casos".

ARTIGO 7.- Cota tributaria.

A determinación da cota tributaria deducirase da aplicación das seguintes regras:

- a) A cota tributaria, no feito imponible definido no artigo 2.1.a), serán as que figuran fixadas nas tarifas correspondentes.
- b) A cota tributaria, no feito imponible definido no artigo 2.1.b), serán as que figuran fixadas nas tarifas correspondentes.
- c) A cota tributaria, no feito imponible definido no artigo 2.1.c), calcularase segundo a operación de multiplicar o número de metros cúbicos consumidos pola tarifa establecida no artigo 5.2.1.

ARTIGO 8.- Devengo e período impositivo.

1. A taxa devengarase:

a) Para o suposto contemplado no artigo 2.1.a), d), e e) a taxa devengarase no momento de formular a correspondente solicitude ou ben desde que a actividade descrita se tivera realizado sen formular a solicitude ou ter obtido a preceptiva autorización.

b) Para os supostos de cota de dispoñibilidade do servizo e cota do servizo, especificado no artigo 2.1.b), a taxa devengarase no momento en que se produza a alta na prestación do servizo, sendo compatible e independente co esixido no feito imponible 2.1.c)..

c) Nos supostos de alta nova, desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, previa a correspondente solicitude ou desde que se utilice este sen ter obtido a previa licenza ou autorización.

d) Para os supostos xa incluídos en padróns ou listaxes cobratorias, a taxa devengarase no primeiro día do período impositivo, liquidándose trimestralmente.

2. O período impositivo coincidirá co ano natural.

ARTIGO 9.- Xestión, liquidación e recadación.

1. A xestión e recadación da presente taxa poderá realizarse en xestión directa, polo propio concello, ou en xestión indirecta, segundo se estea a prestar o servizo dunha forma ou outra.

2. Con periodicidade trimestral, e unha vez obtida a lectura dos contadores, elaborará un padrón ou listaxe cobratorio comprensivo das liquidacións por recibo referidos á prestación dos servizos de rede de sumidoiros e control e inspección de sumidoiros privados e depuración de augas residuais.

3. Os referidos padróns serán aprobados, previa a fiscalización preceptiva da Intervención Municipal e exposición ao público por un período de 15 días. O prazo para formular o recurso de reposición será de un mes, contado desde o remate da exposición ao público, precisándose no acordo de aprobación, o prazo do período cobratorio, que nunca poderá ser inferior a dous meses, axustándose o mesmo ás instrucións que se dicten pola Tesourería Municipal.

4. Será necesaria a notificación individual das altas e baixas que se produzan nun trimestre con relación ao anterior.

5. O órgano competente para apremiar as liquidacións e recibos non satisfeitos en período voluntario será a Tesourería municipal.

6. Se no período de emisión das correspondentes liquidacións se constatase a existencia dunha fuga na rede interna de subministración do contribuínte e o volume facturado tivese unha consideración desproporcionada en virtude da dita fuga, se lle aplicará a tarifa correspondente ó volume medio dos períodos de facturación inmediatos anteriores que representen o ciclo dun ano de facturación.

Para estes efectos, terá a consideración de volume desproporcionado aquel volume facturado que sexa superior ao quintuplo do volume medio dos períodos de facturación inmediatos anteriores que representen o ciclo dun ano de facturación.

O contribuínte deberá adoptar as medidas necesarias para reparar a fuga dentro do prazo de dous meses contados dende a publicación no Boletín Oficial da provincia, do padrón ou listaxe cobratorio comprensivo das liquidacións das taxas ao que se

refíre o art. 9.2 desta ordenanza; o cá, deberá ser debidamente acreditado mediante a presentación da factura de reparación, e do xustificante bancario ou de calquera outro medio que fehacientemente acredite o seu pagamento.

ARTIGO 10.-Infraccións e sancións tributarias.

En todo o relativo a infraccións e a súa cualificación, así como as sancións que ás mesmas corresponda en cada caso, serán de aplicación os artigos 183 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Disposición Final.

A Ordenanza consta de 10 artigos e unha disposición final. A última modificación foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 26 de outubro de 2017.

O presente texto refundido, tras a modificación aprobada polo órgano plenario o día 28.6.2018 entrará en vigor, o primeiro día do trimestre natural seguinte á data de publicación do texto íntegro desta ordenanza no BOP, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 16 REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO DO SERVIZO DE TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

Artigo 1º: -FUNDAMENTO E OBXECTO

1. En uso da facultade concedida polo artigo 31.3 da Constitución e polo artigo 105.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece unha prestación patrimonial de carácter público non tributario como contraprestación pola prestación do servizo público de tratamento e depuración de augas residuais no termo municipal de Arteixo, que se rexerá pola presente Ordenanza.

A prestación patrimonial de carácter público non tributario que se regula na presente ordenanza terá carácter coactivo e será exixida sempre que se presten algúns dos servizos públicos que se relacionan no apartado seguinte.

2. É obxecto desta prestación patrimonial, o tratamento e depuración de augas residuais. Así como a recepción, vertido e tratamento de residuos procedentes de pozos negros, en EDAR DE BENS, S.A.

Este servizo se prestará pola entidade EDAR BENS SA, sociedade mercantil de capital público.

En xeral, todos aqueles servizos propios obxecto desta Ordenanza que sexan provocados polos interesados ou que especialmente redunden no seu beneficio, aínda cando estes non solicitaren a prestación, e que, sendo de competencia municipal, teñan carácter obrigatorio en virtude de precepto legal ou regulamentario.

Artigo 2º.- OBRIGADOS AO PAGO

1.-Están obrigados ao pago os titulares do contrato de suministro de auga potable, solicitantes ou destinatarios do servizo, entre os que se incluírán os que utilicen pozos ou captacións subterráneas propias.

2.-Serán responsables subsidiarios do pago, os propietarios destes inmoables, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

Artigo 3º.- CUANTIFICACIÓN DAS TARIFAS

1.Tarifa Prestación de servizos de tratamento e depuración de excretas, augas pluviais, e residuais.

Se determinan as seguintes contías que se incrementarán, no seu caso, co IVE vixente en cada momento.

1.1. Coeficiente de verteduras (EDAR BENS, S.A) que dispoñan de servizo domiciliario de auga, por m³ de auga consumida será o seguinte:

a) Para Consumos domésticos:	Compoñente fixa	Compoñente variable.
Sen consumo trimestral	1,50 €	0,00 €/m ³
Con consumo trimestral	1,50 €	0,28 €/m ³
b) Para Consumos non domésticos:	Compoñente fixa	Compoñente variable.
Sen consumo trimestral	1,50 €	0,00 €/m ³
Con consumo trimestral	1,50 €	0,35 €/m ³

Non obstante, aos consumos non domésticos cun volumen total de auga consumida durante o ano natural anterior inferior a 2.000 metros cúbicos, aplicaráselles as tarifas previstas para os "consumos domésticos". No suposto de que no primeiro ano de uso do auga o consumo se teña iniciado con posterioridade ao 1 de xaneiro, extrapolaranse os datos do consumo ao ano enteiro.

1.2. No caso de usuarios da rede de sumidoiros municipal que non se atopen conectados á rede de abastecemento de auga, tributarán polo mínimo de 25 m³, a razón de 0,28 €/m³.

Non obstante, no suposto de que o suxeito pasivo instalase un caudalímetro homologado de augas residuais, liquidaráselle a taxa en razón do volume de auga reflectida no mesmo.

1.3. Recepción, verquido e tratamento de residuos procedentes de pozos negros en EDAR BENS, S.A.:

6.1. Ud. De cuba de 6 m ³	0,00 €
6.2. Ud. De cuba de 12 m ³	100,00 €

* Non se admitirán vequidos de cubas de máis de 12 m³

2. Tarifas reducidas e Exentas.

1. Os obrigados ao pago que teñan recoñecido pola Xunta de Galicia o dereito ao cobramento da renda de inclusión social (RISGA), consonte á lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, terán dereito ao recoñecemento dunha redución do 100% na tarifa regulada nesta ordenanza. O recoñecemento desta redución realizarase, trimestralmente, por Resolución do órgano municipal competente á vista das resolucións administrativas ditadas pola Consellería da Xunta de Galicia competente na materia que, ou ben sexan achegadas polos propios contribuíntes, ou ben sexan notificadas directamente ao Concello de Arteixo por parte da Administración Autónoma”.

2. Para os consumos iguais ou inferiores a 25 m³, cuxos usuarios teñan unha renda per cápita inferior ao IPREM (Indicador público de renda de efectos múltiples, aprobada polo Real Decreto Lei 3/2004, do 25 de xuño), e a teor do sinalado no artigo 24.4 do texto refundido da Lei das facendas locais, terán unha redución do 50 % da tarifa

3. Os obrigados ao pago que teñan recoñecida polo organismo autónomo competente, a deducción na cota íntegra do canon do auga ó abeiro do disposto no art. 24.2 do Decreto 36/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Canon do auga e do coeficiente de verteduras a sistemas públicos de depuración de augas residuais, por pertencer a unha unidade familiar que teña a condición de familia numerosa, terán dereito a unha redución na tarifa regulada nesta ordenanza do 50%.

O recoñecemento desta redución realizarase por Resolución do órgano municipal competente á vista das comunicacións realizadas pola entidade “Augas de Galicia” a este Concello, relativas ao concepto referido no parágrafo anterior.

4.As reducións descritas nos apartados 2 e 3 non resultarán compatibles entre sí, polo que únicamente poderá aplicarse unha delas, nas liquidacións correspondentes a contribuíntes que reúnan os requisitos esixidos en ámbolos dous casos

Artigo 4º.- OBRIGACIÓN DE PAGO

1. A obriga do pago dos importes das tarifas nace na data que teña lugar a efectiva acometida, se obtivese ou non licenza; sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

Artigo 5º.- NORMAS DE XESTIÓN

Unha vez autorizada a acometida, o percibo da tarifa realizarase trimestralmente, conxuntamente coa taxa do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable,e prestación do servizo de sumidoiros entendéndose efectuada a notificación das cotas coa recepción do correspondente recibo de auga potable/sumidoiro/depuración.

A explotación, mantemento e conservación da EDAR de Bens e emisario submarino está encomendada á sociedade EDAR BENS S.A., como medio propio municipal, segundo acordo do pleno de data do 2013. En consecuencia, en virtude, non só da potestade tarifaria do Concello, e ao tratarse dunha sociedade mercantil sometida ao réxime de dereito privado, a mesma percibirá, en concepto de contraprestación do servizo que presta, as tarifas recadadas relativas aos servizos sinalados no artigo 3º desta Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL: A presente Ordenanza entrará en vigor o primeiro día do trimestre natural seguinte á data de publicación do texto íntegro desta Ordenanza no BOP, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Arteixo a 28 de agosto de 2018

O Alcalde

Asdo. Carlos Calvelo Martinez